

Autorización para a instalación de cámaras para a mellora da mobilidade e control do tráfico no Concello de Carballo.

Primeiro.- O Concello de Carballo elaborou un proxecto para a implantación dun sistema cámaras de control de tráfico e aparcamento en zonas estratéxicas da localidade, onde existe gran afluencia e convivencia de vehículos, motivados por actividades de distinta índole: turística, industrial e comercial, para desta forma contribuír a minimizar o número de incidentes, atascos e delitos contra a seguridade colectiva, mellorando a seguridade cidadá e viaria da poboación e optimizando de forma notable as labores dos efectivos policiais.

Así mesmo, mellórase en parámetros de innovación tecnolóxica, de eficacia na xestión e mellora do tráfico rodado na poboación, tentando reducir o número de sinistros viarios dentro do centro urbano. Facendo da zona unha área sostible ao verse incrementada a percepción de seguridade dos viandantes, e repercutindo por tanto na súa economía diaria, tan ligada á imaxe que ofrezca de fronte ao visitante e á poboación residente no municipio. As cámaras de control de tráfico servirán para a identificación dos vehículos e individuos implicados en incidentes, actos delituosos, e pretende ser un potente método disuasorio, mediante o uso de carteis que informen da presenza das cámaras de control de tráfico na zona de actuación.

Á súa vez, o sistema axudará á mellora da densidade de tráfico da poboación e a redución de emisións de gases contaminantes mediante un sistema de aviso de ocupación de prazas de aparcamento que permitirá a canalización do fluxo de vehículos directamente ás prazas de aparcamento dispoñibles, liberando así á poboación da circulación de vehículos en procura de prazas libres.

Segundo.- O obxecto é a instalación de cámaras de visualización, control de tráfico e xestión de aparcamentos, conectadas, en tempo real co centro de control e a transmisión dos datos a paneis informativos. O sistema será intelixente, permitirá a lectura de matrículas, xeo-posicionar aos vehículos, dirimir e categorizar as características destes, interconectarse en tempo real, gravar e almacenar os datos e imaxes de xeito distribuído. Tamén contabilizar o número de prazas de aparcamento dispoñibles e mostrar a información en carteis luminosos de mensaxe variable distribuídos en puntos estratéxicos da poboación. Os datos extraídos do sistema xestionaranse a través dunha plataforma de mobilidade que os integrará coa páxina web municipal e dispoñerá dunha APP que, proporcionará á cidadáns información en tempo real sobre o estado do tráfico e dispoñibilidade de prazas de aparcamento, nos seus dispositivos móbiles, o que lles permitirá planificar os seus desprazamentos de maneira máis eficiente.

Terceiro.- Para a supervisión e control do tráfico de todas as zonas propostas será necesaria a instalación de cámaras en determinadas localizacións. Estes puntos considéranse estratéxicos para a implantación deste sistema xa que o conxunto formará parte dun perímetro completo de acceso á poboación nas vías principais de acceso/saída e que permitirá navegar entre tránsitos e itinerarios permitindo a procura de vehículos por franxas horarias, matrícula, punto de control, cor, modelo, estado dos rexistros etc.

A continuación, detállanse todas as localizacións que se deberán controlar na súa totalidade, das cales se proporciona a súa numeración, xeo-posición, tipo de cámaras a instalar, e tipo de comunicación das imaxes e metadatos.

Cámaras e panel informativo Mirón – Avda Bertoa	POSICION GPS 43.22333, -8.68233
Cámaras e panel informativo Avda Malpica	POSICION GPS 43.21753, -8.69923
Cámaras e panel informativo Avda Revolta	POSICION GPS 43.20313, -8.70182
Cámaras e panel informativo Rotonda Av Milagrosa	POSICION GPS 43.20853, -8.68732
Control aparcamento Horta de Casino	POSICION GPS 43.21358, -8.69160
Control aparcamento Rego de la Balsa 4 - Rúa de Pontevedra	POSICION GPS 43.21490, -8.69171
Control aparcamento Rego de la Balsa 1 4	POSICION GPS 3.21560, -8.69036
Centro de control Concello de Carballo 4	POSICION GPS 3.21357, -8.68924

Cuarto.- Por Resolución de Alcaldía 3454/2023 do 12 de decembro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, do contrato administrativo de suministro “Mellora da mobilidade e control do tráfico do Concello de Carballo”, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, tramitación ordinaria.

O obxecto deste contrato é establecer as condicións técnicas para a obtención dun suministro de cámaras de control de tráfico e aparcamento en zonas estratéxicas de Carballo, conforme ás prescricións técnicas (PPT) redactadas polo xefe de Servizos de Vías e Obras municipal Don José Manuel Facal Fariña en Novembro de 2023.

A Mesa de Contratación, en sesión celebrada o 08/02/2024, formulou ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato de referencia (SUM. 30/2023) a favor da mercantil Sistemas de Seguridade A1, SL con CIF B15259765.

Quinto.- De acordo coa disposición adicional octava da Lei Orgánica 4/1997, de 4 de agosto (BOE 05/08/1997), pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos, a instalación e uso de videocámaras para o control, regulación, vixilancia e

CONCELLO DE CARBALLO.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



disciplina de tráfico efectuarase pola autoridade encargada da regulación do tráfico aos fins previstos na Lei sobre Tráfico. Polo que dependendo da titularidade da vía onde se pretenda instalar cámaras de vixilancia de tráfico, deberá ser o propio Concello ou a Xefatura Provincial de Tráfico, o competente para autorizar a instalación das meritadas cámaras.

Á vista do anterior, e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente RESOLVO:

Primeiro: Autorizar a instalación de cámaras para a mellora da mobilidade e control do tráfico no Concello de Carballo nas localizacións que figuran na parte expositiva desta resolución.

Segundo: Publicar esta resolución na sede electrónica do Concello e na web municipal.